



Concello de Vigo

DON FRANCISCO JAVIER GARCÍA MARTÍNEZ, SECRETARIO XERAL ADXUNTO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión do día 26 de abril de 2001, adoptou o seguinte acordo:

23.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA II MODIFICACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE DA UA FRAGA.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de marzo de 2001 a técnica de admón. xeral da oficina de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo informa do que segue:

"O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, en sesión do 28 de setembro de 2000, aprobou inicialmente a segunda modificación do estudio de detalle de ordenación de volumes e sinalamento de rasantes da unidade de actuación, hoxe polígono, "Fraga", segundo documentación presentada pola Xunta de compensación da unidade de actuación, redactada polos arquitectos D. Arturo e D. Eduardo Fraga Fernández, visada polo colexio oficial correspondente o 29 de marzo de 2000.

O Concello-Pleno, en sesión do 28 de maio de 1992, aprobou definitivamente o estudio de detalle da unidade de actuación "Fraga", agora polígono, co fin de desenvolver as determinacións da ficha de características do ámbito contida no Plan especial de elementos, edificios e conxuntos a conservar aprobado definitivamente o 25 de outubro de 1990, mediante a ordenación de volumes e sinalamento de rasantes na zona peonal interior do cuarteirón.

Posteriormente, o Concello-Pleno, en sesión do 3 de xuño de 1996, aprobou definitivamente a primeira modificación do estudio de detalle, anulando a apertura dun paso peonal situado na planta baixa do edificio propiedade de "La Naviera, S.A", e suprimir unha zona de galería prevista na mesma planta no fronte do inmovible.

A nova modificación consiste en eliminar un patio inglés polo que se accedía a dous locais da planta soto da parcela nº 4 segundo proxecto de compensación aprobado para o ámbito, afectando ás ramplas de vehículos e peonal.

Sometido o expediente ó trámite de información pública mediante a inserción de anuncios no xornal diario "Faro de Vigo" do 27 de outubro de 2000, DOG nº 214 do 6 de novembro de 2000, e notificación individual ó presidente da Xunta de Compensación, non se presentou ningunha alegación, segundo certificación do secretario da Xerencia de urbanismo de data 19.12.00.

A modificación do estudio de detalle inicialmente aprobado axústase ás finalidades e determinacións dos artigos 30 da Lei do solo de Galicia do 24 de marzo de 1997 e 65 do Regulamento de planeamento urbanístico do 23 de xuño de 1978, e na súa tramitación seguíuse o procedemento sinalado no artigo 44.3 da Lei do solo de Galicia.

Como consecuencia da supresión do patio, as cargas que gravan a algunha das fincas se modifican, polo que se ten presentado unha solicitude de reforma do proxecto de compensación que reflecta a nova situación .

44
S

Asemade, as novas rasantes, incremento de superficie de uso público, modificacións de ramplas, afectan ás recollidas no proxecto de urbanización aprobado definitivamente o 15 de novembro de 1996, xa que logo, a Xunta de Compensación debe formula-la correspondente modificación do proxecto de urbanización."

Polo anteriormente exposto, de conformidade cos artigos citados, 22.1. letra "c" da Lei reguladora das bases de réxime local, e 3 letra "b" e 8 letra "m" dos estatutos polos que se rexe a Xerencia de Urbanismo, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 5 de abril de 2001, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandia proposta.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira e Lareo Jiménez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintedous votos a favor dos Sres. Abelairas Rodríguez, de Acosta Beiras, Cabaleiro González, Doblás Bermejo, Fernández Alvarez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Gandón Mendiña, Garrido González, González Outón, González Pérez, Iglesias Bueno, Martínez-Corbalán Puche, Novoa Alvarez, Rodríguez Millares, Sío Lourido, Toba Girón, Toscano Novella, Vázquez Caride, Vieitez Alonso, Villarino Santiago e a Presidencia, e a abstención do Sr. Soto Ferreiro,

ACORDASE:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a segunda modificación do estudio de detalle de ordenación de volumes e sinalamento de rasantes da unidade de actuación, hoxe polígono, "Fraga", segundo documentación presentada pola Xunta de compensación da unidade de actuación, redactada polos arquitectos D. Arturo e D. Eduardo Fraga Fernández, visada polo colexio oficial correspondente o 29 de marzo de 2000, conforme á documentación da súa aprobación inicial, expediente 5916/411.

Segundo.- Proceder á publicación da aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia, con notificación individual ós propietarios afectados.

Terceiro.- Requirir á Xunta de compensación da unidade de actuación para que presente ante esta Xerencia de Urbanismo a documentación precisa para tramita-la correspondente modificación do proxecto de urbanización aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia o 15 de novembro de 1996 e que responda á modificación do estudio de detalle que definitivamente se aproba.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo, a catro de maio do ano dous mil un.

Vº e Prace
O ALCALDE,

kv.

